

Texto e ilustracións: **TARO GOMI**
 Tradución: **MAKI FUKUHARA**
CHEMA HERAS

Encadernado en cartón. 23x25 cm.
 32 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Quen fala? As partes do corpo opinan". ISBN 978-84-96957-43-5
- Castelán: "¿Quién habla? Las partes del cuerpo opinan". ISBN 978-84-96957-44-2

Prezo: 14

QUEN FALA? AS PARTES DO CORPO OPINAN

Estaba Pablo paseando tan tranquilo cando,
 de súpeto...

«Ui! Isto que é?», di un dedo.

«Ah! É o caramelo que me deron o outro día»,
 di a cabeza recordando.

«Foh! Que sucio! Está cheo de peluxe!», din os ollos ao velo...



Trala publicación de "A bañarse!", o deseñador xaponés Taro Gomi propón estoutro álbum de achegamento ao corpo humano a través dos sentidos e das partes das que consta. Ademais de gozar das ilustracións, realizadas dun xeito semellante ás que fan os cativos cos seus debuxos, esta obra tamén é unha ferramenta de apoio para nais, pais e mestres, á hora de axudaren os nenos a gañar en autonomía e coñecemento sobre si mesmos.

- **Temática:** as partes do corpo e os sentidos corporais
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** linguaxe e ilustracións sinxelas; contribúe á autonomía dos nenos; representa o corpo con naturalidade; temática similar a "A bañarse!", do mesmo autor e ilustrador, editado por FAKTORÍA K.

A linguaxe infantil está presente ao longo de todo o libro, con onomatopeias, xogos visuais e de palabras que o convertiran nunha obra cercana e atractiva. Unha das características da obra de Taro Gomi é a liberdade creativa e a tendencia a rachar convencións impostas polo pudor da sociedade. Desta maneira, o ilustrador aposta por reflectir a nudez do neno con total naturalidade.

TARO GOMI (Tokyo, 1945)

Graduouse no Instituto de Deseño Kuwazawa, onde iniciou a súa traxectoria como deseñador industrial e gráfico. Publicou uns 300 libros e os seus lectores, tanto en Asia como no resto do mundo, abarcan unha ampla franxa de idade, dende os primeiros anos da infancia ata os adultos. Así, as súas obras foron traducidas a 15 linguas. Recibiu varios premios, nacionais e internacionais, como o da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia. Ademais de facer libros para nenos, tamén adquiriu fama noutros eidos artísticos, como o deseño de moda, a produción de animacións para público xuvenil, CD-Roms ou ensaios, entre outros.

MAKI FUKUHARA (Tokyo, 1966)

É xornalista e tradutora. Estudou Educación Infantil na Universidade de Tamagawa. Dende 1997 traballa para diversas revistas e xornais, nos que publica entrevistas e artigos de temática médica e deportiva. A súa vinculación con España remóntase a 1996, cando visitou Valencia como enviada cultural para ensinar cultura e lingua xaponesa. Traduciu "A bañarse!", deste mesmo autor, para FAKTORÍA K; tamén traduciu "Avós", de KALANDRAKA, ao xaponés.